

Praza número: 17/8010

Número de prazas: 1

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Docencia: 652G03039 Avaliación e Diagnóstico de Necesidades Educativas

4498029 Intervención nas Alteracións da Linguaxe, Fala, Audición e Voz: da Teoría á Práctica Clínica

652G03023 Métodos de Avaliación de Programas e Servizos Socioeducativos

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.

Unha vez que se viu o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do 16 de febreiro de 2018.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D^a. LUISA LOSADA PUENTE**.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 20/02/2018

O reitor,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	3IJxd/oCHsKhYOxfrlcaCw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	20/02/2018 14:45:26
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3IJxd/oCHsKhYOxfrlcaCw==		





Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 16 de febreiro de 2018, tomou os seguintes acordos en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza 17/8010:

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución **Dedicación:** Parcial P04
Área de coñecemento: Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
Docencia: 652G03039 Avaliación e Diagnóstico de Necesidades Educativas; 4498029 Intervención nas Alteracións da Linguaxe, Fala, Audición e Voz: da Teoría á Práctica Clínica; 652G03023 Métodos de Avaliación de Programas e Servizos Socioeducativos
Centro: Facultade de Ciencias da Educación

ACORDOS:

Os membros da Comisión de Reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por **dona Marta Reyero Rivas**, a documentación da candidata e o informe realizado pola comisión encargada da selección da praza, ratifican todos os puntos do antedito informe e estiman axeitada a proposta da Comisión de Selección.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección do 02/02/2018 a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

A Coruña, 20 de febreiro de 2018

Código Seguro De Verificación	8bZ8qfOYMg0DjL+Lgcnuiw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	20/02/2018 10:41:36
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8bZ8qfOYMg0DjL+Lgcnuiw==		



Praza número:17/8010 Número de prazas: 1

Categoría:Contratado/a Interino/a de Substitución Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento:Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Departamento:Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Docencia:652G03039 Avaliación e Diagnóstico de Necesidades Educativas; 4498029 Intervención nas Alteracións da Linguaxe, Fala, Audición e Voz: da Teoría á Práctica Clínica; 652G03023 Métodos de Avaliación de Programas e Servizos Socioeducativos

Centro:Facultade de Ciencias da Educación

INFORME DA COMISIÓN

(A cumprimentar no caso de reclamacións ou de proposta de non provisión da praza)

Recibida a reclamación presentada en tempo e forma por Dna. Marta Reyero Rivas, e reunida a comisión de selección da praza o xoves día 1 de febreiro ás 9:00 horas da mañá, acórdase por unanimidade emitir o seguinte informe, baseado no establecido na propia convocatoria da praza, que inclúe o modelo de Curriculum a presentar, e no baremo aprobado pola Comisión de selección.

Impugnación do Bloque I. Formación Académica

A reclamante alega que non lle foi computada a media do seu expediente. No modelo de curriculum que se achega coa convocatoria da praza, establécese que "É necesario achegar o título e unha certificación académica oficial e declaración de nota media segundo o establecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o cálculo das medias". A Comisión aplicou en tódolos casos e a tódolos candidatos a nota media penalizada e entende que a expresión "é necesario achegar" que figura no modelo de curriculum non se cumpre no caso da reclamante, motivo polo cal non se computou.

Impugnación Bloque II. Formación académica de posgrao

A reclamante alega que non se considerou a pertinencia e relevancia da súa Tese de Doutoramento. A tese de Doutoramento se atopa, a xulzo da Comisión, a medio camiño entre as áreas de coñecemento de Pedagogía e a propia da praza que é Métodos de Avaliación e Diagnóstico en Educación, polo que se lle aplicou 1 punto pola súa relevancia e pertinencia . De feito nos descritores da tese que aparecen en TESEO é a área de Pedagogía a primeira que aparece (en primeiro lugar Pedagogía, en segundo lugar Métodos Pedagóxicos e en terceiro lugar Teoría e Métodos educativos). Non é correcto polo tanto que non se tivera en conta a relevancia ou pertinencia para a área de coñecemento da súa tese.

A reclamante alega contra a non valoración dun curso de posgrado. En relación co subapartado 3 deste bloque (cursos de posgrao), a Comisión entende que o Curso de posgrao sobre Terapia Familiar non é un posgrao universitario. Está organizado pola Federación Española de Asociacións de Terapia Familiar dependente do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia. Independentemente deste feito, a Comisión considera que un curso de posgrao nun ámbito da Psicoloxía non ten afinidade coa área desta praza.

A reclamante alega contra a non valoración axeitada do CELGA 4 e de coñecemento do idioma

Código Seguro De Verificación	8bZ8qfOYMg0DjL+Lgcnuiw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	20/02/2018 10:41:36
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8bZ8qfOYMg0DjL+Lgcnuiw==		



Praza número:17/8010 Número de prazas: 1

Categoría:Contratado/a Interino/a de Substitución Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento:Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Departamento:Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Docencia:652G03039 Avallación e Diagnóstico de Necesidades Educativas; 4498029 Intervención nas Alteracións da Linguaxe, Fala, Audición e Voz: da Teoría á Práctica Clínica; 652G03023 Métodos de Avallación de Programas e Servizos Socioeducativos

Centro:Facultade de Ciencias da Educación

inglés. No relativo ao apartado 4º deste bloque, foron concedidos 2 puntos a tódolos candidatos que posuían o CELGA 4, reservando os 3 puntos para o CELGA 5. Polo que ten que ver coa certificación que presenta de coñecemento do Inglés, o certificado non se encontra entre os recoñecidos pola CRUE, polo que non se lle poden conceder os puntos que reclama.

A reclamante alega contra a non valoración doutros cursos. No resto dos cursos que presenta a candidata, non son cursos de formación universitaria como establece o baremo e, polo tanto, non se lle computaron.

A reclamante alega contra a non valoración de bolsas predoutorais. No apartado 5º deste bloque (que son bolsas predoutorais aínda que a reclamante por un erro comprensible denomina estadías), presenta unha financiada pola Fundación Barrié e outra financiada pola Asociación de amigos da Universidade de Navarra (dentro da Facultade de Filosofía e Letras). En ambos casos non presenta a convocatoria tal e como establece a normativa. Polo demais, a bolsa da Fundación Barrié é de pregrado, non de posgrao.

A reclamante alega contra a non valoración de estadías predoutorais. No apartado 6º (estadías predoutorais), para valorar a estadía que presenta a normativa establece que é necesario acreditar estar contratado/a, ser bolseiro/a, presentar o permiso oficial do centro de orixe, a invitación do centro receptor e a certificación de ter realizado a estadía e a súa duración. De todos estes requisitos só presenta a certificación ter realizado a estadía e a súa duración, motivo polo que non foi computada.

Impugnación do Bloque III. Experiencia Docente

A reclamante alega contra a non valoración de experiencia docente universitaria. A Comisión non considera acreditada a súa inclusión no POD. A candidata presenta unha certificación da Secretaría Académica da Facultade, e falta, alomenos, a folia de servizo á que se refire a normativa. Por outra parte, tampouco se evidencia no seu certificado de vida laboral que tivese contrato neses períodos.

Impugnación Bloque IV. Producción Investigadora

A reclamante alega contra a non valoración axeitada de tres artigos. A Comisión non considera como revista científica o "Boletín de la Fundación Barrié de la Maza", e no relativo á revista "Echa News", presenta un traballo dunha folia que carece, como se pode comprobar, da estrutura dun artigo científico (Introdución, Método, Discusión e Referencias bibliográficas).

Código Seguro De Verificación	8bZ8qfOYMg0DjL+Lgcnuiw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	20/02/2018 10:41:36
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8bZ8qfOYMg0DjL+Lgcnuiw==		



Praza número:17/8010 Número de prazas: 1

Categoría:Contratado/a Interlno/a de Substitución Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento:Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Departamento:Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Docencia:652G03039 Avallación e Diagnóstico de Necesidades Educativas; 4498029 Intervención nas Alteracións da Linguaxe, Fala, Audición e Voz: da Teoría á Práctica Clínica; 652G03023 Métodos de Avallación de Programas e Servizos Socioeducativos

Centro:Facultade de Ciencias da Educación

Pola contra, a Comisión acepta outorgar á reclamante os 0,25 puntos que solicita polo artigo correspondente á revista NAGE Educating Able Children (doc. 32).

Impugnación do Bloque VI. Actividade profesional relacionada coa praza fora do ámbito académico

A reclamante alega contra a non valoración axeitada da súa experiencia profesional. Entre a documentación que achega a candidata acreditativa da relación contractual, non figuran os postos e funcións desempeñadas. Esta documentación a agrega co presente recurso polo que a Comisión entende que non se lle podía, nin se pode, computar. Según establece a Convocatoria da praza "Toda documentación acreditativa dos méritos debe aportarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional rematado dito prazo".

Aparte do anterior, a candidata presenta impugnacións contra outras dúas candidatas.

IMPUGNACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA A DNA. MARÍA CRISTINA PÉREZ CREGO.

A reclamante alega contra a valoración dun mestrado non pertinente de outra candidata. No apartado II.3 se lle valorou o Mestrado Oficial de Secundaria (que a candidata colocou no apartado II.1) segundo a nota media acadada. Trátase dun mestrado diferente do que lle deu acceso ao Doutoramento(que foi o Mestrado de Innovación, Orientación e avaliación educativa) e polo que se lle pode outorgar unha puntuación de ata 5 puntos (docs. 14 e 15). O Curso que menciona a concursante non foi valorado como pertinente pola Comisión (trátase dun curso de Didáctica sobre a Teoloxía na relixión católica).

Impugnación sobre o Bloque IV, apartado 2

A reclamante alega contra a valoración incorrecta dun artigo. Os dous artigos que presenta Dna. María Cristina Pérez Crego son da mesma revista (editada pola Universidade da Coruña: <http://revistas.udc.es/index.php/reipe/index>) e está indexada en Latindex, polo que recibe unha puntuación de 1,5 por cada un.

IMPUGNACIÓN DA VALORACIÓN REALIZADA SOBRE A CANDIDATA DNA. NEREA PITA ILLOBRE.

A reclamante alega contra a valoración de méritos non incluídos no curriculum. A comisión ten que supor que a reclamante se está a referir a que non existe unha carpeta no repositorio relativa ao Bloque II, no cal a candidata recibiu puntuación. A razón é que a candidata colocou estes méritos nunha carpeta denominada "Otra_documentación". Nela aparecen os méritos que lle foron valorados neste bloque.

Código Seguro De Verificación	8bZ8qfOYMg0DjL+Lgcnuiw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	20/02/2018 10:41:36
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8bZ8qfOYMg0DjL+Lgcnuiw==		



Praza número:17/8010 Número de prazas: 1

Categoría:Contratado/a Interino/a de Substitución Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento:Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Departamento:Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Docencia:652G03039 Avaliación e Diagnóstico de Necesidades Educativas; 4498029 Intervención nas Alteracións da Linguaxe, Fala, Audición e Voz: da Teoría á Práctica Clínica; 652G03023 Métodos de Avaliación de Programas e Servizos Socioeducativos


Centro:Facultade de Ciencias da Educación

En resumidas contas, a Comisión considera que pode estar xustificado modificar a puntuación da reclamante no Bloque IV, apartado 2, sumando 0,25 puntos aos xa outorgados.

Feita esta modificación na acta de cualificacións, a súa puntuación no devandito Bloque IV.2 sería de 10,25 e a súa puntuación final sería de 5,30.

A Coruña, 2 de febreiro de 2018

Vº. e Pr.
O presidente,



O secretario,



Código Seguro De Verificación	8bZ8qfOYMg0DjL+Lgcnuiw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	20/02/2018 10:41:36
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8bZ8qfOYMg0DjL+Lgcnuiw==		

